



## Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte n.º: 2834/2017

### PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

#### **ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 06/17**

Vista a necesidade de executar neste exercicio 2017 os seguintes investimentos e gastos de conservación e mantementos que se detallan de seguido:

- Pintado exterior do CEIP Salustiano Rey Eiras (edificio menor). Orzamento previsto: 13.000 €
- Pintado exterior do CEP Pilar Maestú e outras reparacións na fachada do edificio. Orzamento previsto: 17.000 €
- Reposición da marquesiña situada na entrada do CEIP Salustiano Rey Eiras e do seu entorno. Orzamento previsto: 15.000 €.

Visto que nas aplicacións orzamentarias 323.21200 e 1532.63500 non existe crédito orzamentario para o custe destes proxectos.

Visto que é posible o financiamento deste crédito extraordinario con baixas na aplicación 011.91300 xa que este ano o gasto por amortizacións de préstamos vai a ser inferior ao orzamentado ao rematarse a amortización do préstamo ABANCA 0311-67790-1 que tiña unhas amortización anual de 45.323,12 € no exercicio pasado

Visto o informe da Intervención municipal que figura no expediente.

#### **Proponse ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente o crédito extraordinario num. 06/17, por un importe total de 45.000,00 €, para as finalidades detalladas nos antecedentes deste acordo:

#### **APLICACIÓNS DE GASTOS: ALTAS**

| PROGRAMA | ECONOMICA | DENOMINACION   | IMPORTE     |
|----------|-----------|--|-------------|
| 1532     | 63500     | Vías públicas. Invetimentos de reposición en mobiliario  | 15.000,00 € |
| 323      | 21200     | Centros educativos. Reparacions, mantemento e conservacións de edificios e outras construcións | 30.000,00 € |

#### **APLICACIÓNS DE GASTOS: BAIXAS**

| PROGRAMA | ECONOMICA | DENOMINACION | IMPORTE |
|----------|-----------|--------------|---------|
|----------|-----------|--------------|---------|

## Concello de A Pobra do Caramiñal



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

|     |       |   |             |
|-----|-------|---|-------------|
| 011 | 91300 | Debeda pública. Amortización de préstamos a longo prazo de entes fora do sector público | 45.000,00 € |
|-----|-------|---|-------------|

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público este expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A Pobra do Caramiñal,  
O Alcalde  
José Luis Piñeiro García